

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA AO PROFESORADO

En cumprimento do disposto no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99), así como a resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29-09-2021), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PROFESORADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **SEIS PERSOAS DO CORPO DE MESTRES/AS OU PROFESORES/AS**.
2. Son electores/as e elixibles tódolos profesores e profesoras do centro no presente curso. Non formarán parte do Claustro de Profesorado, a efectos de elección dos/as representantes do profesorado, os/as profesores/as substitutos/as, estando integrados/as no Claustro ao efecto, os/as profesores/as substituídos/as.
3. O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 12 de novembro.
4. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **5 ao 12 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro Educativo.
5. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 15 de novembro. As reclamacións á mesma realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 17 de novembro de 2021.
6. A **campaña electoral** comprenderá do **16 ao 23 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos e candidatas, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
7. En sesión de Claustro Extraordinario, o **día 25 de novembro de 2021 ás 16,45 horas**, constituirase unha mesa electoral integrada pola directora, que actuará como presidenta



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Ordenación Educativa



CPI Plurilingüe Cabo da Area
Isidro Parga Pondal, 45
15118 LAXE
881 880 709
cpi.cabo.area@edu.xunta.es

e os/as profesores/as de maior e de menor idade, actuando este/a último/a como secretario/a. Tras a constitución da mesa, terán lugar as votacións.

8. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada profesor/a fará constar na súa papeleta un máximo de **SEIS** nomes da listaxe de candidatos/as presentados/as.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

Laxe, 4 de novembro de 2021.

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral

Cristina Lage Villar